


## XXVIII CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. II CATEGORÍA. 1º, 2º e 3º E.S.O.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Sección \_\_\_\_\_

1. Completa este pasapalabra.

Por A: Minas que produciron a terceira parte do mercurio do mundo.		
Por B: Pintor flamenco autor de <i>Trago Amargo</i> .		
Por C: Xunto a Segovia, cidade con dúas fundacións directas de Santa Tareixa e San Juan de la Cruz.		
Por D: Cidade alemana onde xoga o equipo de fútbol alemán do Borussia.		
Por E: Desembocadura dun río ampla que resulta afectada polas mareas		
Por F: Monarca español actual, fillo de Xoan Carlos I.		
Por G: Pomba mensaxeira que comunicó o éxito do desembarco de Normandía aos aliados.		
Por H: Illa islandesa habitada que é coñecida como a Pompeya boreal.		
Por I: Imperio que conquistaron os homes de Pizarro no século XVI para a Coroa de Castela.		
Por K: Nome que lle daban aos barcos factoría soviéticos que comerciaban en Ullapool.		
Por L: Localidade onde se atopa a ponte do pirata Cambaral.		
Por M: Concello alemán que puxo o nome de Luther King uns días despois do seu asasinato.		
Por N: Poboación celtíbera que resistiu denodadamente contra os romanos no II a. C.		
Por O: Fillo de Agamenón e Clitemnestra.		
Por P: Médico español que inventou a epidural.		
Por Q: Pedagogo e orador romano natural de Calahorra.		
Por R: País onde se atopa a catarata Kandinsky.		
Por S: Sultán de Exipto que venceu aos cruzados na batalla de Hattin e recuperou Xerusalén.		
Por T: Único pobo de España declarado maldito e excomulgado.		
Por U: Vasixa ou recipiente que contén os restos ou cinzas dos falecidos.		
Por V: Apelido da artista casada cunha sobriña de Ruben Darío e vencellada a eléctricas asturianas.		
Por W: Pinturas de espíritus da choiva con cabezas con grandes ollos e sen boca en Kimberley.		
Por X: Insectos que se alimentan con madeira.		
Por Y: Capital de Sudán do Sur.		
Por Z: Marabiloso ou fantástico na lingua do corredor de Wakham en Afganistán.		

2. Igrexa pontevedresa á que pertence o capitel da imaxe da esquerda. Na imaxe da dereita identifica a poboación alemana bañada polo Rin.



\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

3. Contesta a estas cuestións.

1. Animal emblema dos pretorianos en tempos de Sejano.	
2. En que milenio estaríamos no ano 3166 a. C?	
3. Xesuíta portugués nado en Lisboa en 1608, gran orador e político, partidario da <i>Restauración portuguesa</i> na figura de Xoan IV.	
4. Cal é a capital de Colombia?	
5. Expresión que en indonesio fai referencia ao despertar dun pesadelo e recobras a conciencia decatándote que era so un soño.	
6. Nome que recibe cada un dos cinco grupos de pedras do precioso xardín zen de Ryoanji.	
7. Quen repousa na única tumba vertical que existe en España?	
8. ...por certo, de que enfermidade morreu a súa namorada, unha sirviente cubana que traballaba para a familia Saénz de Heredia?	
9. A que imperio asocias o nome do emperador Xustiniano e a emperatriz Teodora?	
10. En que país sitúas o corredor de Siliguri?	
11. Segundo país según a ONU con maior número de desaparecidos en foxas comúns logo de Camboya.	
12. Nome que reciben os ramos de amor a base de prantas aromáticas que se confeccionan en Fatu Hiva (illas Marquesas) para que as mulleres as leven no pelo ou arredor do pescozo?	
13. No zoo de que cidade foi sacrificado o can husky siberiano Balto, famoso por liderar un dos trineos que levaron medicamentos en 1925 a Alaska como recrea a película de Disney?	
14. Derradeiro español en ser condecorado coa <i>Orden de la Jarretera</i> , unha das máis prestixiosas do mundo.	
15. En que século tivo lugar <i>A Gloriosa</i> en Inglaterra?	
16. En que século tivo lugar <i>A Gloriosa</i> en España?	
17. Quen é o pintor que fixo <i>Os fusilamentos do 3 de maio</i> ?	
18. En que tasca foi proclamada a República Federal da illa de Arousa en 1934?	
19. ...por certo, quen foi presidente desa república da illa de Arousa?	
20. ...e quen recibiu a carteira de Cultura nese goberno?	
21. A quen pertencía a horta onde foi roubar o soldado da coronelía de Almansa Bartolomé Lopes en 1633 e polas que recibiu feridas do propietario que o mandaron ao hospital?	
22. Médico e coleccionista de craneos que faleceu en 1851 e se ten considerado o pai do racismo científico.	
23. Ano no que Balthus pintou <i>Thérèse soñando</i> , obra polémica para os intolerantes que quixeron censurala por perigosa para a moral.	
24. Volume de auga nunha sección de cauce nun tempo determinado.	
25. Dende que festividade ata que día do santoral o horario de mañá dos rapaces se adiantaba unha hora según explica o H. Santiago Gómez, gran mestre do varios colexios da Compañía de Xesús na segunda metade do XVII no seu libro <i>Preceptos de la pluma...?</i>	
26. Noiva de Napoleón Bonaparte, irmá da esposa de Xosé I de España.	
27. por certo...con quen casou ao final esta muller en 1798?	
28. ...e, por último, onde está enterrada esta muller?	
29. Estatua máis alta do mundo con 182 metros e inaugurada en 2018.	
30. A que cor asocias ao exército anarquista ucraíno de Majnó: negro, verde, branco ou amarelo?	

4. Completa este encadeado sobre a nosa cidade:

O municipio de Vigo conta cunha extensión de \_\_\_\_\_ kilómetro cadrados. A parroquia máis meridional das que conforman o municipio é \_\_\_\_\_, e o pico máis elevado en altitude con 690 metros é \_\_\_\_\_. Todos sabedes que a cidade ten un clima húmido e chuvioso, pero cal é, aproximadamente, a media anual da humidade relativa? \_\_\_\_\_. A parroquia das que conforman o municipio de Vigo máis septentrional é \_\_\_\_\_.

A historia da cidade ten momentos importantes e personaxes curiosos, por exemplo a vida dun militar vigués nado no século XVIII que participou nas famosas batallas de Bailén e de Ayacucho. De quen se trata? \_\_\_\_\_. Por certo, que grandes vías viguesas conecta a rúa Bailén na nosa cidade? \_\_\_\_\_. Moito máis antigo é o nome dun vigués, ou polo menos que morreu aquí según podemos ler nunha das estelas que se descubriron na rúa Areal. Trátase dun home que, curiosamente, ten o mesmo nome que un dos personaxes que aparece na famosa película Ben Hur. Cal é ese nome? \_\_\_\_\_.

Gracias ao Catastro de Ensenada, do século XVIII, podemos coñecer bastantes aspectos da cidade daquela. Por exemplo que non había minas nin salinas, pero si unha importante actividade apícola en Cabral ¿con cantas colmeas? \_\_\_\_\_.

Máis adiante na historia, atopámonos co home máis odiado polos empresarios vigueses de comezos do século XX, fundador da UXT en Vigo. Morreu tralo golpe de Estado en xullo de 1936. A quen nos referimos? \_\_\_\_\_. Por certo, salvou uns anos antes a vida. Que día, mes e ano foi atacado por un pistoleiro sendo ferido de disparo \_\_\_\_\_. En que importante rúa de Vigo desemboca a rúa que leva o nome deste personaxe? \_\_\_\_\_.